



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

galicia

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 25 de abril de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se aproban as bases do concurso público para a adxudicación de dúas prazas Posto por Posto como profesor/a de Lingua e Literatura Españolas en dous centros educativos da rexión francesa de Amiens para o curso 2017-2018.*

O Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras pretende, entre outros obxectivos, desenvolver unha serie de accións de formación en linguas estranxeiras conducentes a mellorar a competencia lingüística do profesorado, promover a innovación no ensino e fomentar e favorecer os intercambios culturais. Conscientes deste feito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia de alianzas con outras comunidades e rexións europeas que, mediante o estreitamento de lazos institucionais, permita traballar, conxuntamente e dun xeito cooperativo, na mellora da educación e a formación do seu profesorado mediante o intercambio de experiencias e de boas prácticas.

Tendo en conta que Galicia e Amiens son rexións da Unión Europea, o enorme interese que o ensino da lingua, a literatura e a cultura, tanto galegas como españolas, suscitan na rexión de Amiens, así como a afección pola lingua e a cultura francesas no sistema educativo da nosa Comunidade, esta Consellería quere reforzar os lazos de unión entre as dúas rexións e profundizar no estudo das linguas e as culturas respectivas co fin de consolidar proxectos de intercambio ou asociacións entre os centros escolares de ambas as dúas rexións.

En consecuencia, e de acordo co establecido no protocolo de cooperación asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a *Académie d'Amiens* o 16 de decembro de 2011, esta Dirección Xeral

DISPÓN

*Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta resolución ten por obxecto a convocatoria dun concurso público de méritos, en réxime de concorrencia competitiva, para a provisión de dúas prazas *Posto por Posto* como profesor ou profesora de Lingua e Literatura Españolas en senllos centros educativos da rexión de Amiens (Francia).



Segundo. *Bases da convocatoria*

As bases polas que se rexerá este concurso figuran no Anexo I desta resolución.

Terceiro. *Persoas candidatas*

Poderán participar neste concurso as funcionarias e funcionarios de carreira pertencentes aos corpos de Catedráticos ou Profesores de Ensinanza Secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia, especialistas en lingua francesa, que teñan destino definitivo nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia. A selección dos aspirantes farase segundo o establecido no Anexo I desta resolución.

Cuarto. *Nomeamento*

As persoas adxudicatarias serán nomeadas en comisión de servizos durante o curso académico 2017-2018, desde o 1 de setembro de 2017 ata o 31 de agosto de 2018. O nomeamento non poderá ser renovado unha vez rematada a actividade.

Quinto. *Retribucións*

O profesorado adxudicatario recibirá as retribucións que lle correspondan como funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Os gastos nos que incorran as persoas adxudicatarias derivados do seu traslado e a súa estancia durante a duración da comisión de servizos (viaxes, desprazamentos, aloxamento, etc.) correrán pola súa conta.

Sexto. *Dependencia xerárquica e funcional*

Durante o tempo que dure a comisión de servizo, o profesorado adxudicatario estará baixo a dirección e dependencia funcional do director ou directora do centro de destino. As súas obrigas, así como o réxime de vacacións, serán determinados pola autoridade citada previamente de acordo coas normas xerais que rexen na *Académie d'Amiens*, así como de acordo coas normas que figuran no regulamento interno do centro de destino.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2017

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa